

AS TIC E A DISCAPACIDADE INTELECTUAL: ANÁLISE DUNHA EXPERIENCIA

M^a Dolores Fernández Tilve
Universidade de Santiago de Compostela
M^a Laura Malvar Méndez
Universidade de Vigo

Resume

Neste traballo imprimimos unha experiencia desenvolvida nun marco de cooperación europea: a creación dun sistema de formación a distancia para persoas con discapacidade intelectual. Unha experiencia que, basicamente, nace da necesidade de facilitar o acceso á formación profesional ás persoas que presentan unha discapacidade intelectual (especialmente aquelas con grandes dificultades, tanto polas características da súa discapacidade como polas da súa localización xeográfica).

Abstract

In this paper, we present an experience developed in a framework of European cooperation: the creation of a distance training system for people with psychological disabilities. An experience which has been born, basically, from the necessity of facilitating the access of people with psychological disabilities to vocational training (specially those with more special needs, due both the characteristics of their disabilities and their geographical situation).

1. Contextualización

Esta experiencia forma parte dun proxecto de cooperación europea máis amplo no que vimos participando profesionais da educación de diversos países europeos¹, todos eles pertencentes a institucións educativas e organizacións non lucrativas centradas directa e indirectamente no desenvolvemento de actividades de formación de persoas adultas con discapacidade intelectual. Un proxecto enmarcado na iniciativa comunitaria Leonardo da Vinci e financiado pola Comisión Europea, en vías de desenvolvemento (para un exame máis detido pode consultarse o noso “working site”: <http://www.infordis.net>).

A experiencia en cuestión nace da necesidade imperiosa de mellorar as posibilidades de integración social e laboral (sobre todo) das persoas adultas con discapacidade intelectual. Persoas de 25 anos –aproximadamente-, que se atopan fóra de calquera sistema formativo. Cremos que, actualmente, a integración sociolaboral das persoas discapacitadas segue sendo a nosa materia pendente. Como o é tamén a igualdade de oportunidades para as mulleres con discapacidade. Desde logo, os participantes nesta experiencia así o pensamos e, en consecuencia, témonos comprometido con isto. Todo un reto, sen dúbida.

¹ USC (España), COGAMI (España), CIDEF (Portugal), INTEGRACJA (Polonia).

Parece que todos somos conscientes desta necesidade, pero lamentablemente non todos vemos do mesmo xeito a maneira de materializala no día a día. Posiblemente unha liña de traballo compartida baseada máis ben na comprensión, axuda, tolerancia e recoñecemento social e non tanto na compaixón cara ás persoas discapacitadas sexa a mellor maneira de dar un paso máis. Un paso á esperanza e ao exercicio do dereito a un traballo digno.

A situación de desemprego, como todos sabemos, afecta a toda a sociedade e individuos en xeral. Estamos diante dunha situación laboral certamente complexa. Esta situación se xa en por si é complicada para todos os suxeitos, agrávase moito máis no caso das persoas discapacitadas, especialmente aquelas que presentan unha discapacidade intelectual. Abonda con revisar os datos ofrecidos polo INEM para decatarnos desta cruel realidade. Que esteamos nunha situación tinxida de sombras non significa que sexa imposible melloralas. Todo o contrario, como sinalan Hueso e García Molina (1999), debemos multiplicar esforzos individuais e colectivos nesta dirección. É dicir, buscar luces.

Se para todos os individuos ter un posto de traballo é importante, moito máis par as persoas discapacitadas. Para estas persoas, como manifesta Álvarez Fontenla (1999), ter un emprego non é só desempeñar unha actividade profesional e obter unha remuneración económica por iso, senón tamén ocupar un espazo na sociedade, sentirse verdadeiramente útil.

Un problema que, en certa medida, obstaculiza a inserción laboral das persoas con discapacidade ten que ver coa falta de formación ou preparación para o desenvolvemento dunha actividade profesional. Neste sentido, este proxecto quere brindar verdadeiras oportunidades de aprendizaxe profesional a aquelas persoas que teñen unha discapacidade intelectual (aprendizaxe de tarefas específicas para un posto de traballo, hábitos de traballo, etc.). É dicir, romper as barreiras da formación que en moitos casos é nula ou escasa.

Deseñar un curso de formación profesional a distancia, como é o caso que nos ocupa, pensado especificamente para estas persoas pode constituír un bo referente. Un referente cara á integración laboral das persoas discapacitadas. Neste caso optamos por unha experiencia de formación a distancia, dado que moitas destas persoas poden ter certas dificultades (tanto polas características da súa discapacidade como pola súa situación xeográfica).

A experiencia que temos o gusto de presentar e dar a coñecer neste traballo ten uns antecedentes máis inmediatos. Concretamente desde o ano 1994 levamos desenvolvendo diversas experiencias na formación de persoas adultas con discapacidade. No entanto, a experiencia destes anos informounos de que a simple dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos non asegura o funcionamento dun sistema de teleformación de calidade acorde ás necesidades de todas as persoas con discapacidade, especialmente aquelas que teñen unha discapacidade intelectual. Este tipo de discapacidade dificulta enormemente o acceso a contornos de educación a distancia, como e-learning. Familiarizarse coas TIC supón un gran desafío. Faise necesario, polo tanto, buscar novas ferramentas informáticas que resolvan esta problemática (a través do redeseño, adaptación, ensaio, etc.). E nisto estamos.

Na maioría dos casos, a formación ocupacional é de carácter presencial e é impartida por organizacións non lucrativas cuxo obxectivo é a promoción das persoas con discapacidade. Ultimamente están aumentando as experiencias de formación profesional a distancia, pero isto en ningún caso significa que sexan suficientes e se adecúen ás necesidades reais das persoas discapactadas (sobre todo aquelas cunha discapacidade intelectual).

O feito de que, por exemplo, as plataformas informáticas como as metodoloxías desenvolvidas se esquezan –na maioría dos casos– das persoas que presentan discapacidade intelectual, dificulta enormemente que estas poidan acceder a un sistema de formación profesional. Por outro lado, tampouco se lles ofrece a posibilidade de familiarizarse coas TIC. Como moi ben apunta Zamora (1999) hai que pensar en “construír proxectos que, utilizando todo o poder de comunicación multimedia que os sistemas de información nos brindan, organicen os mellores contidos posibles e os recursos formativos máis axeitados” (p. 173).

2. Obxectivos

Con esta experiencia e asumindo o noso compromiso inicial coas persoas con discapacidade intelectual queremos:

- Mellorar as posibilidades de integración social e laboral das persoas con discapacidade intelectual.
- Promover a igualdade de oportunidades para as mulleres con discapacidade intelectual.
- Facilitar e promover a incorporación das persoas con discapacidade intelectual á sociedade da información e comunicación.
- Promover o uso das TIC na formación profesional.
- Superar as barreiras actuais de acceso das persoas con discapacidade intelectual á formación profesional.
- Promocionar a educación a distancia como alternativa para aquelas persoas con maiores dificultades para acceder a sistemas de formación normalizada.
- Diseñar, desenvolver e experimentar novos sistemas de formación para persoas con discapacidade intelectual, especialmente para aqueles casos de persoas residentes en zonas rurais pouco poboadas e con escasos recursos económicos.

E máis especificamente:

- Crear un sistema de formación profesional a distancia para persoas con discapacidade intelectual que teña en conta as súas capacidades, necesidades, intereses e preocupacións.
- Diseñar, desenvolver e experimentar unha plataforma informática que permita o acceso das persoas con discapacidade intelectual á educación a distancia e á atención individualizada.
- Diseñar, desenvolver e experimentar unha metodoloxía de traballo axeitada á plataforma desenvolvida e ás características dos posibles beneficiarios.
- Diseñar, desenvolver e experimentar distintos módulos formativos que se adecúen ás distintas capacidades das persoas con discapacidade intelectual, tanto de aprendizaxe como de desenvolvemento dunha profesión.
- Diseñar, desenvolver e experimentar un sistema de simulación empresaria a distancia, como complemento da formación recibida.

- Diseñar, desenvolver e experimentar unha ferramenta que permita a avaliación a distancia dos formandos.

3. Fases

Inicialmente establécese e asúmese un plan de traballo no que tanto o coordinador xeral como os coordinadores locais (un por cada socio participante) velan polo seu cumprimento. Todos os participantes cumpren necesaria e rigorosamente as decisións, prazos e tarefas acordadas (elaboración de informes técnicos, elaboración de informes económicos, etc.). Este plan de traballo consta, fundamentalmente, de varias fases. Cada unha destas fases integra unha serie de actividades. Vexamos daquela estas fases ou actividades desenvolvidas.

Fases de deseño

Esta primeira fase, o mesmo que as restantes, realízase conxuntamente. Non obstante, para cada acción que se desenvolve existe un responsable (socio participante, neste caso). Nesta fase ten lugar unha reunión de socios na que toman decisións: pautas de traballo e tarefas que se deben realizar, prazo para a realización de actividades, etc. Durante esta fase establécense varias comunicacións (a través de correo electrónico, chat, teleconferencia, voz IP, videoconferencia...). Ao final desta fase ten lugar unha segunda reunión que ten como obxectivo presentar as tarefas realizadas e preparar a seguinte fase de traballo.

Entre as actividades desenvolvidas aquí atópanse:

- Reunión de socios participantes para o establecemento de pautas de traballo (convocada cun mes de antelación para facilitar a programación de viaxes e evitar excesivos gastos). O socio do país onde se celebre a reunión será o encargado de organizar a reunión e estancia no seu país.
- Recollida de datos. Aquí faise unha búsqueda exhaustiva de información sobre as posibilidades que nos ofrecen as TIC, para así contextualizar e facer máis accesible o contorno de educación a distancia ás persoas con discapacidade intelectual. Para iso revísase minuciosamente a Internet, revistas especializadas, outras experiencias desenvolvidas, etc.
- Elaboración de pautas pedagóxicas para o deseño da metodoloxía.
- Deseño da plataforma informática.
- Deseño do sistema de simulación empresarial.
- Deseño da metodoloxía.
- Deseño do sistema de avaliación dos materiais e exercicios interactivos.

Fase de desenvolvemento

Nesta fase realízanse tarefas como:

- Elaboración técnica da plataforma informática, utilizando as ferramentas que nos ofrecen as TIC (linguaxes de programación, programas de deseño, etc.).
- Elaboración do sistema de simulación empresarial.
- Elaboración do sistema de avaliación.
- Elaboración da metodoloxía.

- Elaboración das tres accións formativas (técnico en hardware, dependente de comercio e auxiliar de axuda domiciliaria).
- Elaboración dos materiais e exercicios interactivos.
- Implementación en formato multimedia dos sistemas e materiais necesarios para a formación

Fase de experimentación

Nesta fase lévase a cabo a experimentación do sistema de formación a distancia. A súa finalidade última é comprobar o seu grao de adecuación e realizar os axustes necesarios. Xusto antes, realízase unha reunión entre os socios para establecer as pautas de traballo e seleccionar os alumnos/as (neste caso por parte dos departamentos de formación e orientación laboral das entidades participantes nesta fase).

Desenvólvense accións como:

- Selección de alumnos/as para a experimentación do sistema de formación (30, en concreto). Cada alumno/a ten á súa disposición un equipo informático. Antes do desenvolvemento da acción formativa correspondente, é instruído no manexo do ordenador, da Internet e do sistema de educación a distancia desenvolvido. En consecuencia, ademais de adquirir as capacidades e habilidades profesionais correspondentes, estase familiarizado e formando no manexo das TIC.
- Importación e desenvolvemento experimental dos distintos módulos formativos.
- Experimentación da metodoloxía desenvolvida.
- Experimentación do sistema de simulación empresarial a través da realización de prácticas virtuais.

Fase de difusión

Con esta fase pretendemos dar a coñecer esta experiencia (antecedentes, proceso, resultados, etc.). Desenvólvese en todos os países dos socios participantes. Diríxese, fundamentalmente e de forma directa, ás organizacións cuxo obxectivo é a promoción das persoas con discapacidade, ás administracións públicas e aos centros de formación públicos e privados dos países participantes.

Nesta fase desenvólvense diferentes actividades, entre elas:

- Realización de reportaxes nos medios de comunicación social.
- Elaboración de informes en revistas especializadas, comunicacións en congresos ou xornadas, tanto dos países representados polos socios como de ámbito europeo.
- Deseño dunha páxina Web (en español, galego, inglés, portugués e polaco) na que están dispoñibles os informes e avaliacións realizadas.
- Elaboración dunha guía (dispoñible en diferentes linguas) que contén unha breve descrición da experiencia (características da plataforma informática, sistema de simulación empresarial e sistema de avaliación, etc.).
- Elaboración dun tríptico (dispoñible en varios idiomas) que recolle, entre outras cousas, os obxectivos, as principais accións desenvolvidas, os resultados esperados...

Estas actividades desenvólvense, preferentemente, en tres ámbitos diferentes:

1. **Ámbito local:** a través de presentacións cos axentes locais de cada un dos países participantes, pertencentes a asociacións de persoas con discapacidade, centros de formación, administración, empresas, etc.
2. **Ámbito nacional:** participación en eventos de carácter nacional.
3. **Ámbito internacional:** participación en actividades promovidas por entidades ou redes europeas, pertencentes ao ámbito educativo e da discapacidade.

Fase de avaliación

Paralelamente ás accións anteriores, lévase a cabo unha avaliación, tanto interna como externa, da experiencia. Máis concretamente cóntase cun plan de xestión de calidade. Neste plan participan de maneira especial os coordinadores da experiencia (xeral e locais).

A avaliación interna é realizada neste caso polos propios participantes a través dun informe. Neste informe dase conta da marcha do traballo (tarefas realizadas, dificultades atopadas, implicación dos participantes nas accións desenvolvidas, grao de satisfacción do traballo realizado, etc.).

Da avaliación externa responsabilízase a Consellería de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia (máis particularmente o Servizo de Accesibilidade) e un profesional da educación, especialista en formación profesiona, TIC e formación a distancia. A súa misión é detectar e subsanar posibles desaxustes nas accións emprendidas. Lévese a cabo a través dun informe e en dous momentos diferentes pero complementarios: ao final das fases de deseño e desenvolvemento (primeiro ano da experiencia) e tras a fase de experimentación do sistema de educación a distancia.

Tanto a avaliación externa como a interna resulta especialmente útil, pois axúdanos a coñecer de forma continua a marcha do traballo, a consecución dos obxectivos establecidos inicialmente, subsanar e/ou potenciar (se é o caso) aspectos concretos, valorar os resultados obtidos, a participación dos axentes implicados en cada unha das accións desenvolvidas e a calidade das mesmas, etc.

Á parte dos informes de avaliación (externos e internos) elabóranse unhas memorias de traballo (a primeira ao final do primeiro ano da experiencia e a segunda ao final do segundo ano da experiencia).

Fase de coordinación

Tamén, e de forma paralela ás fases anteriores, lévanse a cabo accións de coordinación e xestión da experiencia:

- Coordinar a execución das diferentes actividades realizadas.
- Garantir a transparencia na realización das accións.
- Realizar a xestión económica e o control do orzamento.
- Organizar as reunións transnacionais de traballo.
- Realizar os informes (tanto técnicos como económicos) que solicite a Comisión Europea.

A finalidade desta fase é coordinar todo o traballo realizado. Nela participan todos os socios, aínda que é en última instancia o coordinador xeral quen se responsabiliza da mesma. Os coordinadores locais tamén colaboran especialmente co coordinador xeral neste tipo de tarefas.

4. Resultados e impacto

Esperamos que esta experiencia, de carácter innovador, contribúa de maneira activa a facer máis accesibles os contornos de formación a distancia para as persoas con discapacidade intelectual. E que esta accesibilidade, ao mesmo tempo, potencia a súa integración social e laboral (sobre todo da muller discapacitada).

Particularmente, a plataforma informática deseñada (que integra tanto compoñentes de servidor como de usuarios) permitirá o envío e a recepción de materiais on-line e off-line entre o profesorado e o alumnado.

O sistema de simulación empresarial, por outro lado, permitirá a realización de prácticas en empresas simuladas. Estas prácticas virtuais facilitarán aos alumnos e alumnas a adquisición de aptitudes, capacidades e habilidades profesionais, hábitos de traballo, a familiarización co uso de ferramentas telemáticas, etc. É dicir, aprenderán facendo (learning by doing).

O sistema de avaliación a distancia, pola súa parte, permitirá a autoavaliación por parte do alumnado, o seguimento dos progresos e dificultades do discente por parte do docente, a avaliación do traballo en grupo, etc.

Os módulos formativos, compostos por exercicios interactivos cun alto contido multimedia (imaxes, son, vídeos, animacións, etc.) e adaptados ás características específicas dos usuarios (necesidades, intereses, ritmos de aprendizaxe, etc.) tamén permitirán o desenvolvemento de actividades individuais e grupais dirixidas –neste caso- á preparación para o exercicio dunha actividade profesional.

O contexto específico no que se utilizarán estes resultados é o da formación de adultos, especialmente no ámbito da discapacidade intelectual (centros de formación laboral presenciais e/ou virtuais, administracións centrais, autonómicas e locais, organizacións privadas, empresas públicas e privadas...).

5. Referencias bibliográficas

- Álvarez Fontenla, F. (1999) Proyecto Antear- Paidea. En Alberte, J.R. (Ed.) *Educación e inserción socio-laboral de personas discapacitadas*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 263-274.
- Hueso, M.D. e García Molina, I. (1999). *Ibid.* 49-56.
- Zamora, E. T. (1999). Las Nuevas Tecnologías al servicio de la formación e integración sociolaboral de los jóvenes discapacitados. *Ibid.*, 167-174.

